

## **SESIÓN ORDINARIA DE 26 DE ABRIL DE 2.013**

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas do día 26 de abril de dous mil trece, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D<sup>a</sup> María Begoña Seco Varela, D<sup>a</sup> Pilar Méndez Lombao, D. Antonio López Pérez D. Jesús Fernández García, Dona María José Martínez Vigo, D. Miguel Ángel López Varela, D. José Manuel Carral Méndez e D. Arcadio Lombao Román,, co obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 1 DE MARZO DE 2013**

Ponse de manifesto aos membros da Corporación a acta da sesión plenaria celebrada o día 1 de marzo de 2013.

O sr. Arcadio solicita que conste en acta a precisión expresada polo Secretario de que a solicitude de revisión de oficio versou sobor a reparcelación do ano 2004, e non do ano 2009.

Con esta precisión, sométese a votación a aprobación da citada actas. Realizada a votación, queda aprobada pola unanimidade dos membros presentes da corporación.

### **2.- TOMA DE POSESIÓN DA CONCELEIRA TANIA DÍAZ SEIJAS**

A continuación, o Presidente da Corporación, don José Pardo Lombao, toma xuramento ou promesa á concelleira dona Tania díaz Seijas, en substitución do concelleiro, don Serafín Vázquez Arias, quen renunciou ao seu cargo na sesión plenaria celebrada o día 1 de marzo de 2013.

O Presidente formula á concelleira entrante a seguinte pregunta:

“Tania Díaz Seijas, ¿xuras ou prometes cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a constitución coma norma fundamental do Estado?”.

Dona Tania Díaz Seijas resposta –si, prometo.-

Tralo cal o Presidente afirma “neste intre, dona Tania Díaz Seijas toma posesión do seu cargo de concelleira da corporación municipal de Outeiro de Rei”.

A continuación, entrégalle a credencial expedida pola Xunta Electoral Central acreditativa da súa condición de concelleira, e dalle á benvida a corporación municipal.

### **3. RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS**

O sr. Alcalde expón sucintamente o contido das rectificacións propostas, que son as que seguen:

#### **INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES**

##### **PORCIÓN VIAL Nº 149**

##### **TABOI**

NOME: PORCIÓN VIAL EN TABOI

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SOBRADA

Núcleo/lugar: SOBRADA

Lindeiros: Linda Norte, Carretera de Outeiro de Rei a Castro de Rei; sur; parcela segregada; este; Manuel Ponte Hortas y Oeste, José Peña Fernández

SUPERFICIE: 162 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 27 de febreiro de 2013.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

##### **PORCIÓN VIAL Nº 150**

##### **SAN LORENZO**

NOME: PORCIÓN VIAL EN REDONDIÑA – SAN LORENZO.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SAN LORENZO

Núcleo/lugar: REDONDIÑA

Lindeiros: Norte, camiño; Sur, parcela 168; Este, parcelas 136,135 y 141; e Oeste, finca matriz.

SUPERFICIE: 236,09 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, formalizada mediante acta de cesión de viales de data 8 de marzo de 2.013.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 151

ARCOS

NOME: PORCIÓN VIAL EN O CRUCEIRO – ARCOS.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: ARCOS.

Núcleo/lugar: O CRUCEIRO.

Lindeiros: Norte, terreo de Nicasio López; Sur, terreo de Manuel López; Este, finca matriz e polo Oeste, camiño.

SUPERFICIE: 51 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 8 de marzo de 2.013.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade finca matriz: Finca 10104, Folio 85, Tomo 1112, Libro 88.

Non xurdindo debate sométese a votación a proposta de rectificación do inventario municipal de bens e dereitos.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

#### **4.- CAMBIO DE TRAZADO DE CAMIÑO EN CABOI**

O sr. Alcalde expón a seguinte proposta de resolución:

“Con de data de rexistro de entrada de 7 de xaneiro de 2013, dona Jara Varela Losada e os seus pais, dona María P. Losada García e don Marcos Varela Lorenzo, presentan solicitude de “anulación dun tramo de camiño por consideralo un erro do catastro”.

O tramo de camiño ao que se refiren discurriría entre os lindes das parcelas catastrales 288 e 287, 289 e 290 e coa parcela 328 do polígono 27.

Aportan unha reportaxe fotográfica sobor o tramo de camiño, actualmente inexistente, así coma copia das escrituras das parcelas nas que non consta na descripción de lindeiros a existencia do citado camiño.

Non obstante, o feito de que se atope recollido no catastro inmobiliario e de que apunte carón un cruce de camiños que se produce á altura da parcela 284, así coma o feito de que as parcelas 284, 281, 285 e 288 están alineada coa proxección imaxinaria dun destes camiños, constitúe un indicio da antiga existencia dun tramo de camiño público.

Tramitado o correspondente expediente de investigación obtívose unha fotografía do catastro histórico (1956) no que queda acreditada a existencia do camiño por aquelas datas, e con independencia de que actualmente caese en desuso, polo que, con data de 4 de marzo de 2013 acordouse resolver expediente de investigación determinando a titularidade municipal e existencia do camiño que discurre entre os lindes das parcelas catastrales 288 e 287, 289 e 290 e coa parcela 328 do polígono 27 do termo municipal de Outeiro de Rei.

Non obstante, en dito expediente acreditouse a actual inexistencia física do antigo camiño, de xeito que a día de hoxe non é posible circular por él nin presta servicio público algún. Pola contra, o mantemento do seu anterior trazado perxudica o

aproveitamento das parcelas que atravesa, tanto dende un punto de vista agrícola coma urbanístico, así coma a seguridade xurídica do dereito de propiedade.

Por todo iso, dona Jara Varela Losada, dona María P. Losada García, don Marcos Varela Lorenzo e don José Manuel Núñez Losada, con data de 18 de marzo de 2013, presentaron solicitude de modificación do trazado do camiño público citado, propoñendo a afectación e apertura dun tramo alternativo que discurriría polo linde norte da parcela 291 do polígono 27, e que conlevaría a permuta do tramo actual pola superficie correspondente dunha fanxa de terreo que ocuparía o linde sur das parcelas 290, 287, 286, 281 e 280.

Á vista de que dita solicitude coincide co interese xeral do concello, ao non existir actualmente un camiño público por onde antigamente discurría, e dado que o trazado alternativo permite satisfacer igualmente o servizo municipal de acceso público, con data de 18 de marzo de 2013, acordouse aprobar inicialmente o expediente de desafectación do tramo de camiño que discurre entre os lindes das parcelas catastrales 288 e 287, 289 e 290 e coa parcela 328 do polígono 27 do termo municipal de Outeiro de Rei e a simultánea afectación ao uso público dunha fanxa de terreo que ocuparía o linde sur das parcelas 290, 287, 286, 281 e 280.

Rematado o prazo de información pública, non se presentou alegación ou sugerenza algunha, polo que propoño ao Pleno da Corporación:

- Aprobar o expediente de desafectación do tramo de camiño que discurre entre os lindes das parcelas catastrales 288 e 287, 289 e 290 e coa parcela 328 do polígono 27 do termo municipal de Outeiro de Rei e a simultánea afectación ao uso público dunha fanxa de terreo que ocuparía o linde sur das parcelas 290, 287, 286, 281 e 280”.

Trala defensa da proposta polo sr. Alcalde, o voceiro do grupo municipal do BNG pregunta quen se beneficia desta modificación de trazado, xa que intúe que a modificación do trazado beneficia urbanísticamente a alguén, ao dar a determinadas parcelas acceso a camiño público e mellorar a configuración da parcela.

O Alcalde resposta que a totalidade das parcelas xa contaban con acceso a camiño público, se ben o trazado do camiño anteriormente existente daba lugar a parcelas pequenas que podía ser que non tivesen a superficie suficiente.

En calqueira caso, o Concello, se existe unha solicitude dos veciños e dita solicitude non perxudica nin a outros veciños nin aos intereses xerais do Concello, non se opondrá a dita solicitude.

O voceiro do BNG asegura que non cuestiona se a presente modificación é ou non procedente, senón que pretende facer ver que os criterios seguidos polo Concello para tramitar estes expedientes son arbitrarios, e que a cada un se lle dá unha solución diferente. De xeito, recorda que algún destes expedientes está no xulgado.

O voceiro do PSdG-PSOE pregunta se unicamente se tivo en conta os datos do catastro para determinar a titularidade municipal do camiño.

O Secretario respóstalle que se tramitou un expediente de investigación, no que ademáis dos datos catastrais comprobouse que dito camiño existía antigamente nas fotografías aéreas do catastro histórico.

O Alcalde nega rotundamente que o Concello utilice criterios arbitrarios, e o que sempre fará o Concello é defender os camiños públicos municipais. Tamén afirma que o Concello, apoiará aquelas iniciativas que armonicen os intereses públicos cos privados dos veciños. O que non pode facer o Concello é, cando ten o indicio de que un camiño é público, desentenderse e permitir a usurpación, xa que isto non o permite a lei.

Rematado o debate sométese a votación a proposta transcrita.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con dez votos a favor e unha abstención, pertencente ao concelleiro do BNG.

## **5.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA CONCESIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO MUNICIPAL.**

O Alcalde expón a seguinte proposta de resolución:

**“PROPOSTA DE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DE LA TASA POR CONCESION DE NICHOS EN EL CEMENTERIO MUNICIPAL.**

**Artigo 1.- Imposición e ordenación**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133 e 142 da Constitución, artigos 4.1 a) e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto Refundido aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a taxa pola prestación do servizo público descrito na presente Ordenanza Fiscal, consoante ao disposto nos artigos 20 e seguintes da citada lei reguladora das Facendas Locais.

**Artigo 2.- Feito imponible**

Constitúe o feito imponible a concesión, polo prazo de noventa e nove anos, dos nichos construídos polo concello no Cemiterio Municipal.

**Artigo 3.- Suxeito pasivo.**

Son suxeitos pasivos contribuíntes os solicitantes da concesión aos que se lle fose outorgada.

**Artigo 4.- Cuota tributaria**

A cuota tributaria será a seguinte:

- a) Pola concesión de nicho de 3 plazas sin adosar ao peche: 730 euros
- b) Pola concesión de nicho de 4 plazas sin adosar ao peche: 910 euros

**Artigo 5.- Devengo**

A obriga de contribuir nace no momento de outorgarse a concesión.

#### Artigo 5.- Xestión da taxa

Unha vez outorgada a concesión notificaráse ao interesado a correspondente liquidación tributaria. O pago da cuota tributaria deberá facerse efectivo previamente á entrega do título concesional.

As concesións enténdense outorgadas baixo a condición suspensiva do pago da correspondente cuota tributaria.

#### Disposición final primeira

Poderán obter a condición de concesionarios tódolos veciños de Outeiro de Rei, así como os seus familiares en primeiro grado.

As concesións se outorgarán por rigurosa orde de solicitude.

No suposto de que con carácter sobrevido o concesionario perdesa a condición de veciño do concello de Outeiro de Rei, e sempre que non se produxera un enterramento no nicho obxecto da concesión, o Concello, previa audiencia do interesado, poderá revogar a concesión nas seguintes condicións:

a).- No suposto de que o expediente de resolución se inicie a solicitude do concesionario o Concello devolverá ao interesado o 100% da cuota tributaria.

b).- No suposto de que a perda da condición de veciño se derivara dun cambio de domicilio xustificando por cambios das súas circunstancias laborais ou de saúde dalgún dos membros da unidade familiar e o expediente de resolución se inicie de oficio polo Concello, éste devolverá ao interesado o 90% da cuota tributaria.

c).- No suposto de que a perda da condición de veciño non se xustificara nos motivos expresados na letra anterior e o expediente de resolución se inicie de oficio polo Concello, éste devolverá ao interesado o 80% da cuota tributaria.

Non serán indemnizables as obras ou melloras realizadas sobor os nichos.

En Outeiro de Rei, a 22 de abril de 2013”

O Alcalde explica que non se cambia o importe da taxa, salvo polo redondeo de pasalo de pesetas a euros. Tamén explica que a razón de ser da presente modificación trae causa do feito de que o servizo de cemiterio municipal é un servizo para os veciños do Concello. Polo tanto, débense artellar os mecanismos axeitados para garantir que así seña, mediante a resolución da concesión sempre e cando non exista un enterramento no nicho. Asemade, prevése a devolución íntegra da cuota cando é o titular quen solicita a resolución, do 90% da cuota cando acorda a resolución o Concello pero o titular alega causas xustificadas, e do 80% cando acorda a resolución o Concello e o titular non alega causas xustificadas.

O voceiro do BNG considera que debería ser ter en conta o tempo de empadroamento na regulación proposta.

O voceiro do PSdG-PSOE, considera que se existe causa xustificada, con independencia de que o solicite ou non, non debería ter penalización algunha, xa que pode que non o solicite por descoñecemento.

O Alcalde respóstalle que pode que non haxa mala fe, pero si que existe un incumprimento imputable ao titular da concesión que perxudica ao resto dos veciños ao ocupar indebidamente un servizo municipal custeado por todos os veciños do Concello. O que si que propón é que se estabrezca un prazo de seis meses dende a data de perda da condición de veciño para poida solicitar a resolución, dentro do cal o Concello non lle pode impoñer a resolución con penalización.

Rematado o debate sométese a votación a proposta transcrita coa modificación relativa ao establecemento dun prazo de seis meses dende a data de perda da condición de veciño para poida solicitar a resolución, dentro do cal o Concello non lle pode impoñer a resolución con penalización, de xeito tal que a redacción final sería a seguinte:

#### ““PROPOSTA DE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DE LA TASA POR CONCESION DE NICHOS EN EL CEMENTERIO MUNICIPAL.

##### Artigo 1.- Imposición e ordenación

En uso das facultades concedidas polos artigos 133 e 142 da Constitución, artigos 4.1 a) e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto Refundido aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a taxa pola prestación do servizo público descrito na presente Ordenanza Fiscal, consoante ao disposto nos artigos 20 e seguintes da citada lei reguladora das Facendas Locais.

##### Artigo 2.- Feito imponible

Constitúe o feito imponible a concesión, polo prazo de noventa e nove anos, dos nichos construídos polo concello no Cemiterio Municipal.

##### Artigo 3.- Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos contribuíntes os solicitantes da concesión aos que se lle fose outorgada.

##### Artigo 4.- Cuota tributaria

A cuota tributaria será a seguinte:

- c) Pola concesión de nicho de 3 plazas sin adosar ao peche: 730 euros
- d) Pola concesión de nicho de 4 plazas sin adosar ao peche: 910 euros

##### Artigo 5.- Devengo

A obriga de contribuir nace no momento de outorgarse a concesión.

##### Artigo 6.- Xestión da taxa

Unha vez outorgada a concesión notificaráse ao interesado a correspondente liquidación tributaria. O pago da cuota tributaria deberá facerse efectivo previamente á entrega do título concesional.

As concesións enténdense outorgadas baixo a condición suspensiva do pago da correspondente cuota tributaria.

Disposición final primeira

Poderán obter a condición de concesionarios tódolos veciños de Outeiro de Rei, así como os seus familiares en primeiro grado.

As concesións se outorgarán por rigurosa orde de solicitude.

No suposto de que con carácter sobrevido o concesionario perdesse a condición de veciño do concello de Outeiro de Rei, e sempre que non se produxera un enterramento no nicho obxecto da concesión, o Concello, previa audiencia do interesado, poderá revogar a concesión nas seguintes condicións:

a).- No suposto de que o expediente de resolución se inicie a solicitude do concesionario o Concello devolverá ao interesado o 100% da cuota tributaria.

b).- No suposto de que a perda da condición de veciño se derivara dun cambio de domicilio xustificando por cambios das súas circunstancias laborais ou de saúde dalgún dos membros da unidade familiar e o expediente de resolución se inicie de oficio polo Concello, éste devolverá ao interesado o 90% da cuota tributaria.

c).- No suposto de que a perda da condición de veciño non se xustificara nos motivos expresados na letra anterior e o expediente de resolución se inicie de oficio polo Concello, éste devolverá ao interesado o 80% da cuota tributaria.

Se a resolución é instada polo titular da concesión nos seis primeiros meses trala perda da condición de veciño ésta conlevará en todo caso a devolución do 100% da cuota tributaria.

Non serán indemnizables as obras ou melloras realizadas sobor os nichos.”

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor e tres abstencións, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do PSdG-PSOE e do BNG.

## **6.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ELABORACIÓN OU REPRODUCCIÓN DE DOCUMENTOS A INSTANCIAS DE PARTE.**

O Alcalde expón a seguinte proposta de resolución:

“PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ELABORACIÓN OU REPRODUCCIÓN DE DOCUMENTOS A INSTANCIA DE PARTE E TRAMITACIÓN DE DETERMINADOS EXPEDIENTES URBANÍSTICOS E DE XESTIÓN DA BIOMASA

José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

A experiencia acadada na tramitación das declaracións de fora de ordeación previstas na Disposición Transitoria Terceira da Lei 4/2010, pon de manifesto a complexidade do estudio e tramitación de cada un destes expedientes, xa que para cada actuación débese comprobar a antiguidade de cada edificación mediante a súa busca nas fotografías aéreas do ano 2003, efectuar a calificación xurídica dos medios de proba que constatan a preexistencia da actividade alegada, e facer as medicións e comprobacións da realidade física descrita na solicitude. A estas actividades se engaden as propias de toda tramitación administrativa: notificacións, certificacións, rexistro, emisión de informes e recadación.

Todas estas actividades implican unha intervención de medios persoais cuxo custe excede, en moito, os 100 euros previstos na redacción vixente da ordenanza. Este importe, se ben considérase axeitado para fomentar a declaración das edificacións amparadas na citada disposición transitoria, débese aproximar ao custe real nas restantes edificacións, co gallo de non penalizar economicamente as edificacións que solicitaron e obtiveron licencia con respecto das que incumpriron a lei.

Por todo iso, PROPOÑO ao Pleno da Corporación municipal, a aprobación da seguinte proposta de modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por elaboración ou reprodución de documentos a instancias de parte e tramitación de determinados expedientes urbanísticos e de xestión da biomasa:

“Modificar o artigo 5º- “Cuota tributaria”, de xeito que onde di:

- “Elaboración de informes, cédulas, certificados ou declaracións de natureza urbanística (incluso os previstos na lexislación de prevención e control integrados da contaminación e as declaracións de fora de ordenación): 100 euros”.

Diga:

- “Elaboración de informes, cédulas, certificados ou declaracións de natureza urbanística (incluso os previstos na lexislación de prevención e control integrados da contaminación e as declaracións de fora de ordenación solicitadas ao amparo da disposición transitoria terceira da Lei 4/2010): 100 euros”.

Engadindo un novo apartado do seguinte teor literal:

- “Declaracións de fora de ordenación: 500 euros no caso de abranguer unha ou varias obras maiores e, no seu caso, as súas edificacións auxiliares, e 200 euros no caso de que teñan por único obxecto unha edificación ou instalación menor”.

En Outeiro de Rei, a 15 de abril de 2013”

O Alcalde aclara que a nova cuota da taxa non é de aplicación aos veciños que solicitaron a declaración de fora de ordenación ao amparo da disposición transitoria terceira da Lei 4/2010, senón que para aqueles que soliciten a declaración de fora de ordenación con posterioridade.

Os novos supostos serán moito menos frecuentes, xa que agora existe moita vixilancia en materia urbanística e xa son moi raros os supostos de edificacións sen licencia aos que non se lles incoe expediente de reposición da legalidade.

Por último, destaca que se establecen dous cuotas en función de que a declaración abrangue ou non unha obra maior.

O voceiro do PSdG-PSOE pregunta por qué existe un trato tan diferente entre aqueles que solicitaron a declaración de fora de ordenación ao amparo da Lei 4/2010 e os que a soliciten con posterioridade, e pregúntase se é que teñen que presentar máis documentación, xa que a diferenza é do 500%.

O voceiro do BNG considera que a nova cuota tributaria é un castigo para a xente que no seu momento non fixo a declaración de fora de ordenación,

O Alcalde resposta que a taxa anterior de 100 euros pretendía aflorar todas as edificacións que carecían de licencia co fin de regularizalas, en sintonía co espírito da Lei 4/2010, pero unha vez rematado o prazo de regularización non se pode permitir que as novas edificacións que se realizan sen licencia obteñan un trato económico moitísimo máis favorable que aquelas que obtiveron licencia e, que para iso, pagaron as correspondentes taxas e soportaron os custes de adecuarse á lei.

Certo é que a declaración de fora de ordenación non ten as mesmas vantaxes que unha legalización, e por iso non se lles equipara a taxa co importe do ICIO, se ben reconece que tamén sería razoable a procedencia de dita equiparación.

O voceiro do PSdG-PSOE, considera que non é equiparable unha cousa con outra, xa que os dereitos das edificacións en situación de fora de ordenación non son os mesmos que os das edificacións legalizadas. Por iso non comprende porqué unha edificación que se fixo sen licencia no ano 2007 ten que pagar 500 euros mentres que unha que se fixo no ano 2002 unicamente debe pagar 100 euros. Esta diferenza non a considera equitativa.

O voceiro do BNG expresa que non cree que nos últimos tempos se constrúan vivendas sen licencia, e considera que a suba da taxa ten unicamente un tema recadatorio.

O Alcalde insiste en que, ao igual que se fixo no seu momento co recoñecemento das explotacións agropecuarias, no que o Concello non cobrou nada por tramitar dito recoñecemento, no presente caso seguiu igualmente o espírito da lei do solo de Galicia e estableceu unha cuota tributaria reducida para que afloraran todas as edificacións que estaban amparadas pola Lei 4/2010 sen que os custes económicos fosen un problema. Pero unha vez rematado este procedemento, e unha vez que na sociedade xa calou a conciencia da necesidade de edificación con licencia – e no ano 2003 todo o mundo está en condicións de saber que para edificar se necesita licencia- xa non ten razón de ser manter un trato fiscal que beneficie ao infractor fronte ao cumpridor.

Polo que atinxe ás afirmacións do voceiro do BNG, resposta que, se non se fan obras sen licencia, tampouco se aplicará a taxa. E respecto do ánimo recadatorio da taxa, afirma que os servicios, ou se costean cos impostos de todos, ou con débeda para que a pagen os nosos fillos e netos. A esquerda parece que se decanta porque os nosos servicios os paguen os nosos fillos e netos.

Tampouco comprende a teima da esquerda de amparar aos infractores, e volta a explicar que a obriga de edificar con licencia xurde no ano 1956, e que se ben a poboación foi tomando conciencia lentamente, no ano 2003 xa existe un coñecemento xeral de que non se pode obrar sen licencia, polo que a infracción desta obriga xeramente faise a conciencia. E como as infraccións urbanísticas prescriben aos seis anos, o que non pode ser é que a quenes cumpren coa lei, e pagan o ICIO, e constrúen con certas limitacións lles saia moito máis gravoso que aqueles quenes incumpren a lexislación.

Rematado o debate sométese a votación a proposta transcrita.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor, dous abstencións, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE e un voto en contra, pertencente ao concelleiro do grupo municipal do BNG.

## **7.- MOCIÓN DO BNG SOBRE PATRIMONIO CULTURAL DE OUTEIRO DE REI**

Iníciase o tratamento do presente punto da orde do día coa defensa, polo voceiro do grupo municipal do BNG, da moción con número de rexistro de entrada 1333 e do seguinte teor literal:

*“ARCADIO LOMBAO ROMÁN, como concelleiro do grupo municipal do BNG no concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presente a seguinte*

### *MOCIÓN PATRIMONIO CULTURAL OUTEIRO DE REI*

*Tal como figura no Inventario do Patrimonio Cultural da provincia de Lugo (DOGA nº 133 de 12-07.1991), na parte referida ao concello de Outeiro de Rei, aparecen citados os seguintes elementos patrimoniais: Capela de San Paio no lugar de San Paio (Parada) e Capela de San Marcos en San Clodio (Vicinte). Así mesmo nesta derradeira parroquia mencionada está situada a Capela de Nosa Señora de Bravos.*

*Os elementos patrimoniais citados, polas súas connotacións arquitectónicas, históricas, etnográficas e antropolóxicas, conservan un alto interese tanto para os habitantes dos lugares nos que se asentan como para os que residen no resto do territorio municipal ou mesmo fóra do mesmo. A súa importancia tamén se recoñece na “páxina webb” do propio Concello de Outeiro de Rei, onde se fai mención de cada un deles formando parte, xunto con outros varios, do patrimonio histórico-artístico municipal.*

*O estado de descuido que, por diversos factores, presentan na actualidade provoca que a situación sexa preocupante chegando mesmo a ser extremadamente dificultoso o acceso até algún deles. Tal cousa fai urxente unha actuación do concello encamiñada, cando menos, a deter a paliar no posíbel o grave deterioro que padecen. Neste sentido o grupo municipal do BNG presenta, para a súa aprobación no pleno, as seguintes medidas.*

*1. Efectuar as labores precisas de limpeza do entorno e accesos das capelas de San Marcos (S. Clodio), Nosa Señora de Bravos (Bravos) e San Paio (S. Paio) que permitan ás persoas visitantes chegar até as mesmas sen dificultade.*

*2. Proceder a unha correcta sinalización que facilite a localización dos elementos anteriormente citados procurando a divulgación e posta en valor desta importante riqueza patrimonio de todos.*

*3. Evaluación do estado de conservación de cada un dos elementos citados procedendo á urxente reparación das necesidades que presentan, especialmente as cubertas, en previsión de que se vexan afectados por danos irreparábeis.*

*4. As actuacións propostas nos puntos anteriores serán executadas coa precaución que require este tipo de elementos patrimoniais, seguindo os protocolos establecidos ao respecto pola Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galiza e procurando os concertos con particulares afectados que fosen necesarios.*

*5. Redacción e aprobación dun plan xeral de conservación do patrimonio dentro do territorio municipal procurando a dotación económica necesaria, mesmo con axudas de outras administracións, para acometer as actuacións precisas encamiñadas á conservación e posta en valor do mesmo.*

*Outeiro de Rei, 19 de abril de 2013”*

Rematada a defensa da moción, fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, quen manifesta o apoio do seu grupo a toda iniciativa que teña por obxecto a conservación do patrimonio cultural de Outeiro de Rei, se ben vota en falta nesta moción a elaboración dun inventario do patrimonio cultural de Outeiro de Rei, que abrangue moitos máis elementos que estas tres capelas.

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular afirma que nos últimos anos o Concello realizou un gran esforzo inversor na conservación do patrimonio, tal coma reparación de igrexa, limpeza de cruceiros, sinalización de medorras... etc. Asemade o Concello realizou importantes actuacións de sinalización, realiza labores de difusión a través da páxina web, (entre outros medios), e a totalidade dos elementos patrimoniais tense en conta urbanísticamente ... etc.

No que atinxe a estas tres capelas, a de San Marcos é a que está en peor situación, a de Bravos está nun estado de conservación aceptable e a de San Paio foi restaurada recentemente polo seu propietario. Todas estas capelas son de titularidade privada.

Conclúe que o Concello está comprometido coa conservación do patrimonio cultural, e que o fai tanto xestionando a obtención de financiamento perante outras administracións, coma financiando directamente as actuacións de conservación.

Neste punto laméntase que non todas as administracións están igualmente comprometidas coa conservación do patrimonio cultural do concello, e pon coma exemplo á Deputación Provincial de Lugo, que non actúan nin cando o demanda o Concello nin cando o solicitan os veciños.

Remata afirmando que non apoia a moción xa que son momentos de priorizar gastos, xa que estamos nun momento de crise que non permite actuar con carácter inmediato nestas capelas privadas.

O voceiro do BNG contéstalle ao voceiro do PSdP-PSOE, que a elaboración do inventario xa se presentou anteriormente neste pleno polo seu grupo e que, en calquera caso, a elaboración do inventario está implícito na elaboración do Plan Xeral de Conservación do patrimonio cultural.

Afirma que o custe do que se pide na moción é perfectamente asumible, xa que unicamente se trata de limpeza e sinalización, o que se pode cofinanciar por outras administracións.

Neste último punto, pregúntalle ao sr. Pardo se o Concello realmente solicitou achegas á Deputación para a conservación do patrimonio.

O voceiro do PSdG-PSOE, descoñece se outras Deputacións actuaron tanto coma a de Lugo, pero aquí, nos últimos tempos actuou, polo menos, en Penas de Rodas, nas Igrexas de Vicinte e Martul, na de Aspai e noutros elementos patrimoniais a solicitude dos veciños. Polo tanto, non se lle pode chamar a atención á Deputación de Lugo.

O voceiro do PP afirma que á Deputación pódesele chamar a atención por moitas cousas, coma aportar unicamente 14.000 euros ao POS do ano 2012 cando a Deputación da Coruña, a un Concello de similares características aporta 200.000, por poñer un exemplo.

E o de Penas de Rodas, se a eso lle chaman protexer o patrimonio, o que fixo a Deputación foi poñer unha cuberta de chapa, e en Vicinte foi poñer á calefacción na Igrexa, mentres que na igrexa de Silvarrei, a Deputación recibiu tres peticións para reparala que foron denegadas.

No referente ao que di o voceiro do BNG de que as actuacións precisas son basicamente de limpeza, o entorno das capelas ás que se fai referencia na moción, coa excepción da capela de San Marcos, está perfectamente limpo. San Marcos podería estar mellor, pero é unha propiedade privada na que non pode actuar directamente o Concello.

E a sinalización farase nun contexto municipal, xa que o patrimonio é moito máis extenso no Concello que estas tres capelas.

Rematado o debate sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con oito votos en contra, e tres votos a favor, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE e ao concelleiro do grupo municipal do BNG.

## **8.- MOCIÓNS DO PSdG-PSOE RELATIVAS Á MELLORA DA PONTE DE TABOI E SOBRE OS EFECTOS DA REFORMA LOCAL NOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS.**

Iníciase o tratamento do presente punto da orde do día coa defensa, polo voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, da moción con número de rexistro de entrada 1275 e do seguinte teor literal:

*“Moción relativa a mellora da ponte de Taboi*

*O Concelleiro na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei, compadece e como mellor en Dereito proceda DI:*

*O abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local De Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, de 20 de abril, Lei de modificación de Lei Reguladora de Bases do Réxime Local de outras medidas presenta a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:*

#### *MOCION*

*Este grupo municipal, xa ven denunciando nas derradeiras lexislaturas, o estado no que se atopa a ponte nova na parroquia de Taboi, traendo a pleno distintas mocións para solucionar o problema existente coa comunicación entre os Concellos de Outeiro de Rei e de Cospeito.*

*As derradeiras choivas, xeraron un problema de tráfico entre os dous concellos, impedindo que ningún vehículo puidera usar a ponte.*

*Feita unha pregunta neste pleno, por este grupo municipal, sobre as medidas que se pretenden tomar; contestouse que se iniciaran conversacións co concello de Cospeito para solucionar o problema.*

*Consideramos que o problema persiste no tempo, incluso cada vez a peor; e que o equipo de goberno leva facendo caso omiso as nosas propostas, co cal entendemos que se deben tomar medidas URXENTES, para o seu arranxo.*

*Por todo o anterior exposto, propono o Pleno desta Corporación a adopción do seguinte,*

#### *ACORDO:*

*Que o Concello de Outeiro de Rei Tome as medidas pertinentes de forma URXENTE para mellorar as condicións de uso e tránsito da ponte, co obxecto de que os vehículos agrícolas poidan facer uso da mesma, instando as administracións correspondentes, Local (no caso do Concello de Cospeito), a Confederación Hidrográfica, ou a Xunta de Galicia para que tomen as medidas necesarias mellorando o seu estado, e garantizando un uso adecuado da mesma.*

*En Outeiro de Rei a 22 de abril do 2013”*

Rematada a defensa da moción polo voceiro do PSdG-PSOE, fai uso da palabra o voceiro do grupo do BNG, quen pregunta se é necesario cambiar a estrutura da ponte ou basta arranxar os accesos. Segundo os veciños do lugar, o problema máis grave se produce no lado de Cospeito, e que os accesos foron arranxados por particulares dada a importancia da ponte para os veciños do lugar.

O Alcalde afirma que a Ponte non está igual que estaba cando se presentou a pregunta no último Pleno, pero en calquera caso a zona afectada se ubica no termo municipal de Cospeito, polo que débense dirixir ao Alcalde de Cospeito se queren saber máis do tema.

Afirma que nos días inmediatos ao derrumbe estivo na ponte co Alcalde de Cospeito tratando o tema, pero non pode facer máis, xa que trátase dunha infraestrutura municipal do Concello de Cospeito, non de Outeiro de Rei. E a preocupación do Alcalde de Cospeito maniféstase no feito de que os accesos xa están arranxados.

Polo que atinxe ao Concello de Outeiro de Rei, incluíu no plan de obras o arranxo do vial que chega á ponte, polo que máis non pode facer.

E insiste en que esta actuación, que afecta a dous concellos, é o ámbito específico de competencia da Deputación Provincial de Lugo, que para iso está precisamente, e se a moción se modifica no sentido de incluír a esta Administración, o seu grupo a apoiará. Sen non se modifica non se pode apoiar, xa que o Concello non é quen para realizar obras públicas no termo municipal de Cospeito.

O voceiro do PSdG-PSOE, négase a modificar a moción salvo que se inclúa tamén ao Estado, xa que non ve razóns para excluír que se pidan cartos ás restantes administracións.

Por outra parte, non sabe ata qué punto pode quedar ben un arranxo que fai un particular, cando se trata dun derrumbe nunha vía pública. Cree que debería facerse un estudio técnico de como están os accesos no lado de Cospeito, así coma as condicións de seguridade do lado de Outeiro de Rei, xa que dubida que se cumpra a normativa.

O voceiro do BNG considera que é dramático que teñan que ser os veciños quen arranxen a ponte cando os Alcaldes estiveron na ponte e eran perfectamente coñecedores da situación.

Asemade, afirma que o Alcalde ten unha teima coa Deputación, que non tiña cando gobernaba Cacharro, ao igual que a tivo coa Xunta cando gobernaba o bipartito (e que agora xa non ten), e considera que hai que ser máis serios.

O Alcalde considera un atrevemento que os concelleiros de Outeiro de Rei ligan ao Alcalde de Cospeito o que ten que facer e recorda que serán os concelleiros do seu grupo no concello de Cospeito quen deben plantexar as actuacións locais a realizar nese concello.

Por outra banda, descoñece se o arranxo ou non un particular e a qué acordos ou contratos chegou co concello de Cospeito, xa que non lle incumbe a Outeiro de Rei. O único importante para este Concello é que se pode pasar porque se arranxo.

E a petición á Deputación non é porque si, senón porque é a única administración competente en asuntos de carácter local e ámbito ou incidencia supramunicipal, porque o di así a lei. E pola mesma razón que cando se arranxou a estrada de Castro ou se construíu a A-VI non se lle pediron cartos á Deputación, por iso mesmo ao tratarse dunha vía local con incidencia supramunicipal a quen se lle deben pedir os cartos é a Deputación Provincial, que ademáis ten a obriga legal de aportalos.

Por poder se lle poden pedir cartos a ONU ou ao FMI, pero que ten a competencia é a Deputación, e hai que ser serios e actuar cun certo rigor e con suxeizón á lei.

Rematado o debate sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con oito votos en contra, e tres votos a favor, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE e ao concelleiro do grupo municipal do BNG.

Continúa o tratamento do presente punto da orde do día coa defensa, polo voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, da moción con número de rexistro de entrada 1276 e do seguinte teor literal:

*MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI SOBRE OS EFECTOS DA REFORMA LOCAL NOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS*

*De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de OUTEIRO DE REI desexa someter á consideración do Pleno a seguinte Moción:*

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*O pasado 15 de febrero de 2013, o Consello de Ministros aprobou o Anteproxecto de Lei de racionalización e sustentabilidade da Administración local, que pon en xaque a base do municipalismo e do modelo que garantiu a cohesión social do noso país durante os últimos 30 anos.*

*A reforma exposta polo Goberno supón un cambio porfundo na organización do Sistema Público dos Servizos Sociais, que afecta a repatición e a relevancia da Administación Local no conxunto das actuacións do Estado, desposuíndoa de todas as súas facultades de acción neste ámbito, un dos máis importantes para construír unha comunidade e onde é esencial a proximidade e a cercanía para a prestación dos servizo.*

*O Goberno pretende facelo , ademais, nun momento en que as cifras de pobreza en España son cada día máis dramáticas. Na actualidade, 1 de cada 5 persoas viven no noso país por baixo do limiar de pobreza. De entre eles, máis de 2 millóns son nenos, como denunciou Unicef. Xa hai 3 millóns de persoas nunha situación de pobreza extrema. Mesmo vivir na pobreza a pesar de ter un traballo, un soldo, é unha circunstancia en aumento de España segundo o primeiro Informe sobre a*

*desigualdades en España presentado recentemente pola Fundación Alternativas. Nun contexto como o actual, é necesario potenciar os servizos aos que a cidadanía eorre en primeiro lugar para obter información e atención social e laboral. E esta primeira atención realízase de maneira habitual nos servizos sociais municipais, ademais e por as ONGs de acción social.*

*Concretamente, o Goberno do PP pretende limitar extraordinariamente a función de prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social dos consistorios á mera “avaliación e información de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social”, desnaturalizado por completo o sistema actual. Sen dúbida, o Goberna central está a desprezar tanto a traxectoria tanto a traxectoria histórica do sistema de servizos sociais, como a lexislación sectorial que os concreta e desenvolve no conxunto das Comunidades Autónomas ao longo dos últimos 25 anos, pasando por encima desta realidade consolidada nas actuais 17 Leis de Servizos Sociais autonómicas, elaboradas co impulso e a aprobación parlamentaria de practicamente todas as forzas políticas.*

*De levarse a cabo nos termos expostos no Anteproxesto, a reforma implicaría o peche de moitos servizos e o despedimento do persoal cualificado (traballadores e educadores sociais) que até agora traballaba nos concellos. Segundo a última Memoria de Plan Concertado de Prestacións Básicas de Servizos Sociais de Corporacións Locais publicada polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, correspondente ao ano 2010, un 98% da poboación española ten dispoñibilidade de acceso aos servizos sociais de proximidade. A creación de postos de traballo foi realmente significativa, afectando, actualmente, a máis de 50.000 persoas, e con este esforzo orzamentario e de recusus humanos púidose atender a case 7 millóns de persoas.*

*Tamén se marxinaría aos cidadáns que viven no medio rural ao eliminar calquera servizo social dos pobos con menos de 20.000 veciños (incluso os servizos sociais de asistencia inmediata deixan de ser de carácter obrigatorio nos municipios pequenos) en aras dunha pretendida maior rendibilidade, e traspasar ditas competencias directamente ás deputacións provinciais.*

*Todo isto, provocaría unha deterioración na prestación dos servizos sociais e un aumento da ineficiencia e ineficacia ao pretender a estandarización dos memos, pola súa administración mecánica, repetitiva, burocratizada e asistencialista que é a únida posible se fai desde o afastamento da contorna máis próxima ao cidadán, perdendo a proximidade que até agora é un aceno de identidade e garantía de calidade.*

*O certo é que na reforma local do PP adiviñase o anheło privatizador dos servizos sociais ao mencionarse explicitamente o obxectivo de “favorecer a iniciativa económica privada evitando intervencións administrativas desproporcionadas”. De feito, o texto do Anteproxecto consagra unha visión exclusivamente economicista das funcións mesmas dos Estado, e en especial das entidades Locais, ao citar estabilidade orzamentaria como principio reitor que debe presidir as actuacións de todas as Administracións públicas no canto de situar a atención os cidadáns/as e a calidade na prestación de servizos no centro da reforma.*

*Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de OUTEIRO DE REI presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN:*

*1.-Reafirmar a autonomía municipal entendida como a capacidade de decisión en todos os ámbitos da vida cidadá, sen prexuízo da necesaria coordinación de competencias entre administracións, baixo os principios de calidade de servizo, proximidade e subsidiariedade.*

*2.-Defender e potenciar a Rede Pública de Servizos Sociais de Atención Primaria, que demostrou ao longo do tempo a súa capacidade para chegar a quen máis o necesitan, así como a eficacia do seu traballo e a capacidade de xerar emprego.*

*3.-Pedir, por tanto, a retirada por parte do Goberno do Anteproxecto de Lei para a racionalización e sustentabilidade da administración local.*

*4.-Dar traslado deste acoro ao Goberno de España, ao Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia, aos Grupos Políticos tanto no Parlamento de Galicia así como nas Cortes e no Senado e á Xunta de Goberno de FEMP e da FEGAMP.*

*En Outeiro de Rei a 22 de abril do 2013”*

Rematada a defensa da moción polo voceiro do PSdG-PSOE, fai uso da palabra o voceiro do grupo do BNG, quen afirma que nestes tempos de crise, os servizos sociais son especialmente importantes debido á morea de xente que está a pasar dificultades, e que, por mor da proximidade, a administración máis axeitada e quen pode prestar mellor este servizo é a administración municipal, polo que a previsión contida no anteproxecto de quitarlle esta competencia aos concellos non é axeitada.

O Alcalde resposta que sempre defendeu a autonomía municipal, no seu partido e perante as outras administracións, pero esta moción non se pode aprobar por unha razón moi sinxela: non existe un anteproxecto de lei, polo que non ten sentido esta moción.

Afondando un pouco máis, recorda que a lexislación autonómica aprobada polo bipartito establece a obriga das Deputacións Provinciais de custear os servizos sociais básicos a prestar polos concellos, e a Deputación Provincial de Lugo incumpre abertamente dita obriga legal e négase a financiarlos.

Tamén di a moción que hai 50.000 persoas traballando nos servizos sociais e que ditos postos se perderán de mudarse a competencia. Iso non é serio, xa que non se fala de non prestar os servizos sociais, senón que os preste outra Administración, o que non ter que ter efectos sobre o emprego.

Tamén se fala de privatizar os servizos sociais, cando a Deputación Provincial de Lugo acaba de privatizar o servizo de teleasistencia que, dito sexa de paso, o custean os concellos ao 50%.

Polo tanto, esta moción é totalmente incoherente, tanto co que fai o PSdG-PSOE e máis o BNG onde gobernan, coma co feito de que non existe anteproxecto algún.

Defende a conveniencia de que os servizos sociais os presten os concellos, e non está de acordo con que as administracións máis grandes administran mellor, e a vida cotiá está chea de exemplos. Tal vez porque a proximidade aos problemas e a xestión permite coñecerlos e administralos mellor e con menos cartos. Por iso apoiamos que os concellos conserven esta competencia e que a Deputación cumpra a lei a financie. Pero non podemos apoiar unha moción sobre un anteproxecto que non existe.

O voceiro do BNG afirma que o que se prevé no anteproxecto é un recorte encuberto, xa que se trata de eliminar aos 50.000 empregados que prestan estes servizos. Pero os servizos sociais non poden ter un enfoque economicista, xa que tras este servizo existe moita xente nunha situación moi difícil, polo que non se poden tomar á lixeira decisións de privatización e, moito menos, recortes.

O voceiro do PSdG-PSOE, afirma que o 15 de febreiro o Consello de Ministros aprobou o anteproxecto, e non cree que sexa unha invención.

Polo que atinxe á Deputación e a súa obriga de custear os servizos sociais básicos, recorda que é unha obriga imposta por unha norma autonómica que trasladaba da esfera autonómica á provincial esta competencia sen prever as correspondentes compensacións financeiras, tal e coma esixe a lexislación básica.

O anteproxecto prevé a transferencia da competencia para os concellos menores de 20.000 habitantes, que é un 68% da poboación. Poboación que se verá moi prexudicada polo novo marco normativo. E antes de que isto ocorra haberá que previr, e de iso se trata esta moción.

O voceiro do Partido Popular afirma que dende sempre estivo en primeira liña do municipalismo, pero que neste asunto hai moito que ponderar e, coma xa dixo antes, non hai ningún anteproxecto, poderá haber un borrador, pero non un anteproxecto e moito menos un proxecto de lei.

Proponlle ao voceiro do PSdG-PSOE, emendar a moción de xeito que diga: “instar ao goberno central para que a reforma da lei de bases do réxime local sexa elaborada escoitando as propostas do municipalismo, tendo en conta as emendas presentadas pola FEMP e pola FEGAMP en atención as especificidades propias da estrutura municipal galega. Trasladar o presente acordo ao Goberno central e a FEMP e a FEGAMP”.

Estes acordos foron aprobados por unanimidade na FEGAMP, e agora propón adoptalos neste pleno emendando á moción presentada.

O voceiro do PSdG-PSOE afirma que non ten ningún problema en aprobar ese texto sempre que se manteña o propio da moción, xa que o que se afirma na moción é defendible. Se quere pode, en vez de afirmar que existe o anteproxecto, poñer “no caso de que exista”.

O voceiro do Partido Popular considera que se ben os puntos 1 e 2 da moción pódense aprobar, o punto número 3 non se pode aprobar, xa que descansa nun anteproxecto que non existe. Ademais, por coherencia, se na FEMP e FEGAMP se

adopta por unanimidade de tódolos partidos unha posición nun asunto xeral coma este, débese asumir tamén polos grupos do concello.

O voceiro do PSdG-PSOE plantexa que se existen dúbidas sobor a existencia do anteproxecto, todo o problema se reduce a que onde diga o “anteproxecto” diga “ no suposto de que exista o anteproxecto”.

O voceiro do Partido Popular recórdalle ao voceiro do BNG que a obriga das Deputacións de custear os servicios sociais básicos xurde na Lei de Servicios Sociais de Galicia que aprobou o bipartito, e que en calquera caso, o cambio da titularidade do servizo non significa que non se presta o servizo, senón que cambia quen o presta, e iso non supón en absoluto que se vaian a suprimir os 50.000 traballadores do servizo. Polo tanto, minten cando afirman que cando se privatiza se suprimen os postos de traballo. E é impresentable que se escandalicen das privatizacións cando as están a facer alí onde gobernan.

Pregunta ao voceiro do PSdG-PSOE se acepta as emendas propostas.

O voceiro do PSdG-PSOE di que acepta sempre que se inclúan as emendas que plantexou, a súa vez.

O Presidente considera que isto é un non e, consecuentemente, somete a votación a moción sen emendas.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con oito votos en contra, e tres votos a favor, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE e ao concelleiro do grupo municipal do BNG.

## **9.- PREGUNTAS**

A solicitude do Alcalde, o Secretario dá lectura, en viva voz, do escrito de preguntas presentado polo voceiro do grupo municipal do BNG, con data de rexistro de entrada de 26 de abril de 2013, e do seguinte teor literal:

*“ARCADIO LOMBAO ROMAN, como portavoz de Grupo Municipal de BNG, no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presenta as seguintes preguntas, para a súa resposta por parte da Alcaldía.*

*“Recentemente, saíu una sentenza nº 116/2013 do contencioso-administrativo nº 2 de Lugo, a cal aínda non é firme, na que literalmente dí, no punto segundo do fallo, o seguinte:*

*“Recoñecer o dereito do recorrente, a que o acto polo que se aproba o proxecto de reparcelación RA-49, do Concello de Outeiro de Rei, recoñeza a súa titularidade sobre a parcela 8808 (actual 10920), e ao mesmo tempo condeno ao Concello de Outeiro de Rei, á adopción das medidas que sexan necesarias para o restablecemento da situación subxectiva recoñecida”.*

*Como ben sabe o Sr. Alcalde, esta finca, correspóndese coas actuais rúas da urbanización de Triacqua, que según a sentenza, aínda non firme, pertence á empresa Asogal.*

*PREGUNTAS:*

*1.- Sabe Vostede xa, o importe das costas do recurso da sentenza, que lle fixo o BNG, no pleno anterior?*

*2.- Vai a presentar recurso de apelación tamén, pola nova sentenza que acaba de saír agora, que recoñece a titularidade privada, dos viales do sector RA-49?*

*3.- Qué consecuencias supón, para o Concello, esta sentenza?*

*Outeiro de Rei, 26 de abril de 2013”*

O Alcalde resposta que non están cuantificadas as costas, e que fronte a sentenza o máis procedente é a interposición dunha demanda civil.

Polo que atinxe á terceira das preguntas, resposta que non ten maior repercusión sobor os veciños da urbanización, e solicita o Secretario que explique sucintamente os termos da sentenza, o que fai o Secretario.

E non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión sendo ás quince horas e quince minutos da que eu, Secretario, estendo a presente acta co visto e praxe do Alcalde.

O Secretario

VºBº; O Alcalde